



falaRedes

programa de dinamización lingüística

enRedando con PAKOLAS


A sétima edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes, que impulsa a Secretaría Xeral de Política Lingüística para achegarlle ao público infantil e xuvenil actividades lúdicas no noso idioma, bota a andar en 2018 cunha proposta musical dirixida a cativos de 4 a 9 anos e ás súas familias. Un concerto en que os protagonistas serán os nenos e nenas, aos que se convida a participar cantando, bailando e falando.

A actividade chegará da man do músico infantil Pakolas, Paco Cerdeira, que presenta neste espectáculo o seu primeiro traballo en solitario, tras o seu paso polas formacións Mamá Cabra e Gramola Gominola, da que é fundador e integrante.

Os máis pequenos da casa coñecerán a ritmo de rock as historias de Baldomero o mero, do parrulo McPac, do rato de Xaquín, dun xabarán que gasta bombín... e de moitos outros animais que protagonizan os temas de Enredando con Pakolas. En cada un deles atoparán, ademais de música e diversión, unha mensaxe que fomenta a convivencia e o respecto.

Enredando con Pakolas chegará en abril e maio a 15 concellos da Rede de Dinamización Lingüística co obxectivo de que o público mova o esqueleto, aprenda e rockee en familia e en galego. Despois, ao finalizar o espectáculo, seguro que os nenos e nenas seguirán cantando na casa as pegadizas cancións que aprenderon no concerto. Así pois, con esta actividade FalaRedes confía unha vez máis no potencial da música para a aprendizaxe e a transmisión afectiva do galego.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/falaredes.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

enRedando con PAKOLAS

ABRIL

- Venres 13: **Arbo**, Biblioteca Municipal "Segundo Gil Davila", ás 17:30 horas
- Sábado 14: **O Grove**, Casa da Cultura Manuel Lueiro Rei, ás 18:00 horas
- Domingo 15: **Mos**, Fundación Pazo de Mos, ás 17:00 horas
- Xoves 19: **O Vicedo**, Casa da Cultura, ás 16:30 horas
- Sábado 21: **Barro**, Nave da Música, ás 12:00 horas
- Venres 27: **Foz**, Salón de actos da Biblioteca Municipal, ás 18:00 horas

MAIO

- Venres 4: **Aranga**, Campo da festa de Ponte-Aranga (carpa), ás 12:00 horas
- Sábado 5: **Melón**, Edificio Multiusos do Cruceiro Gordo, ás 11:00 horas
- Domingo 6: **Santa Comba**, Salón do Edificio Multiusos, ás 18:00 horas
- Sábado 12: **Pazos de Borbén**, Auditorio Municipal, ás 18:00 horas
- Domingo 13: **Palas de Rei**, Centro Comarcal, ás 11:00 horas
- Domingo 20: **Ponteceso**, No Festiletras, ás 16:00 horas

ABRIL

- Sábado 28: **Plñor**, Local social da Asociación de Veciños (Antiga escola de Cotelas), ás 20:00 horas
- Domingo 29: **A Rúa**, Centro Cultural Avenida, ás 12:00 horas
- Domingo 29: **Quiroga**, Auditorio Municipal, ás 19:00 horas

